



Bando

Información sobre a normativa da xestión da biomasa vexetal en prevención de incendios forestais.

O concello de Redondela se está a ver ameazado cada vez con máis frecuencia polos incendios forestais. Nos últimos, acontecidos o pasado ano, varias vivendas e persoas estiveron seriamente ameazadas polo lume, vivindo unha difícil situación pola que ningunha familia ou persoa debería pasar.

Entre todos/as debemos facerlle fronte a estas situacións e preservar ademais un patrimonio natural de gran valor económico, paisaxístico e ambiental como son os nosos montes.

Por tal motivo é indispensable que as persoas propietarias de fincas e montes tomen as medidas recollidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada recentemente pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, na xestión da biomasa vexetal.

A citada Lei, no seu artigo 21.1, especifica as obrigas das persoas particulares en materia de xestión de biomasa vexetal:

- Será obrigatorio, para as persoas responsables de terreos forestais ou en zonas de influencia forestal, xestionar a biomasa vexetal nunha **franja de 50 metros** perimetral ao solo urbano, núcleo rural e solo urbanizable, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, campings, gasolineiras, parques e instalacións industriais ubicadas a menos de 400 metros do monte.
- Tamén nunha **franja de 50 metros** ao redor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.
- Nestas franxas de 50 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 (entre outras: **eucalipto, acacias, piñeiros**, xesta, silvas, fento, toxo...).
- As frondosas caducifolias, por norma xeral, poderanse conservar a partir dos 15 metros de distancia das vivendas e de 25 metros das instalacións de risco.

As **tarefas de desbroce** da biomasa e retirada de especies arboreas dentro da rede de faixas, segundo o artigo 22, deberán executarse polas persoas responsables **antes do mes de xuño** de cada ano.

Estas actuacións son un deber ao longo do ano, pero na tempada de verán cobran unha especial importancia para evitar os incendios forestais. O **incumprimento** destas actuacións supón unha infracción que podería implicar **sancións dende os 100 ata os 1.000 €**.

Adxuntase a este Bando unha infografía da Xunta de Galicia na que se amosan as distancias mínimas para as repoboacións forestais tal e como se recolle no Anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xullo, de Montes de Galicia.

É unha responsabilidade de todos/as, pola seguridade de todas/os.

DISTANCIAS ENTRE PLANTACIÓN DE EUCALIPTOS, PIÑEIROUS OU ACACIAS E:



CÁMPINGS, GASOLINEIRAS E INDUSTRIAS OU INSTALACIÓN DE ACTIVIDADES PERIGOSAS
2,5 metros para especies frondosas caducifolias

50 m

50 m


XESTIÓN DA BIOMASA VEXETAL

Débase manter limpa de biomasa unha franxa de 50 metros desde:

- Solo urbano, núcleo rural e solo urbanizable
- Edificacións e vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineras e parques e instalacións industriais
- Construcións illadas en solo rústico

Nesta franxa tampouco poderá haber piñeiros, eucaliptos nin acacias

PARCELAS FORESTAIS



2 m



TERREOS SITUADOS EN SOLO RÚSTICO EN ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA

10 m



ZONAS DE LABRADÍO, CULTIVO, PRADO OU PASTOS EN ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA
4 metros para as especies frondosas caducifolias

10 m



ESTRADAS E VÍAS DE FERROCARRIL
4 metros para as especies frondosas caducifolias

10 m



PISTAS FORESTAIS PRINCIPAIS
6 metros nos concellos declarados zonas de alto risco
2 metros para as especies frondosas caducifolias

4 m

INFRAESTRUTURAS ELÉCTRICAS



5 m

CANLES FLUVIAIS DE MÁIS DE DOUS METROS DE ANCHO
5 metros para as especies frondosas caducifolias



15 m

CALES SON AS ESPECIES FRONDOSAS CADUCIFOLIAS

Estas especies veñen recollidas no Anexo I da lei 7/12 de montes de Galicia.

O ameneiro, pradairo, bidueiro, freixo, freixa, castiñeiro, castiñeiro híbrido, cardeira, carballo, cerquiño, sobreiro, carballo albar, acibeira, faia, umeiro, loureiro, sorbeira do monte, capudre, nogueira e érbedo.



SOLO URBANO, NÚCLEO RURAL, SOLO URBANIZABLE E EDIFICACIONES OU VIVENDAS ILLADAS, URBANIZACIONES, DEPÓSITOS DE LIXO, PARQUES E INSTALACIONES INDUSTRIAIS
15 metros para especies frondosas caducifolias

50 m